



Udela

5º Educación Primaria

Día das letras galegas 2023



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO



Francisco Fernández del Riego naceu na localidade lucense de Vilanova de Lourenzá, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primeiro dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada. Puxéronlle os nomes de Francisco Jesús Benito Antonio.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno no colexio de A Nosa Señora, de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito.

Cando retornou a Galiza, con dezaioito anos, rematou os estudos de Dereito e, despois da Guerra Civil, deu clases en dous colexios de Vigo, Labor e Mezquita, e traballou no bufete do seu amigo Valentín Paz Andrade.

Foi un gran traballador polo idioma e a cultura: foi membro do Seminario de Estudos Galegos, escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro e presidente durante catro anos da Real Academia Galega, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Propuxo, con Xesús Ferro e Manuel Gómez, a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan a nosa cultura.

Escribiu moitos libros: *Danzas populares galegas*, *Historia da literatura galega*, *Galicia no espello*, *O Camiño de Santiago*, *A pesca galega de mar a mar...* e unha chea de libros máis.

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.



Francisco e a súa muller, Evelina Hervella, paseando pola cidade de Vigo.



Francisco Fernández del Riego, á esquerda, con Carlos Casares, o día do seu nomeamento como presidente da Real Academia Galega.

QUE SABES DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO?

1. Onde naceu Francisco Fernández del Riego?

2. Que data é a do nacemento de Francisco? Arrodea.

7 de outubro de 1913

27 de xullo de 1923

2 de xaneiro de 1903

7 de maio de 1913

21 de febreiro de 1943

7 de xaneiro de 1913

3. Como se chamaban seus pais?

4. A Francisco seus pais puxéronlle catro nomes. Localízaos e escribíbeos por orde.

Brais

Francisco

Antón

Antonio

Adrián

Xaquín

Benito

Guillerme

Alberte

Jesús

Afonso

Xosé

_____ Fernández del Riego

5. Que lugar ocupaba Francisco entre os seus irmáns? Completa.


De _____ irmáns que eran na familia, Francisco

ocupaba o _____ lugar.

6. Que estudos comezou en Madrid e rematou en Santiago de Compostela?

7. En que emisora británica traballou Francisco, coordinando un programa semanal en galego de 1947 a 1956.

8. Relaciona os datos da biografía de Francisco coas localidades que lle corresponden. Completa as frases.





○ Francisco rematou os estudos de _____ como interno no Colexio da Nosa Sra. da Antiga, en _____.

○ Aos dezasete anos marchou a _____ e matriculouse na facultade de _____.

○ Despois da Guerra Civil chegou a _____ e traballou no _____ de Valentín Paz Andrade.


9. Francisco Fernández del Riego escribiu moitísimos libros. Serías quen de deseñar unhas portadas para estes exemplares e colorealos?



10. Resolvemos o encrucillado?


1. LUGO 2. VICENTE 3. MONFORTE 4. LOURENZÁ 5. AMADA 6. SETE 7. GALEGO
8. SANTIAGO 9. GALAXIA 10. ONCE 11. VIGO 12. MADRID 13. DEZASETE

							1	L										
							2				E							
3											T							
							4				R							
							5				A							
											6	S						
							7					G						
											8	A						
											9		L					
							10					E						
							11					G						
											12		A					
							13						S					



1. Provincia na que naceu Francisco Fernández del Riego.
2. Nome de seu pai.
3. Localidade lucense na que rematou os estudos de bacharelato.
4. Localidade na que naceu Francisco. Vilanova de...
5. Nome da nai.
6. Francisco naceu en 1913, no mes de xaneiro... de que día?
7. Idioma na que escribiu a maioría dos seus libros e artigos.
8. Cidade na que rematou os estudos de Dereito.
9. Editorial da que foi un dos cofundadores.
10. Número de fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada.
11. Localidade na que traballou no bufete de Valentín Paz Andrade.
12. Cidade castelá na que comezou a estudar Dereito.
14. A que idade marchou a Madrid cos seus pais e irmáns?

11. Serás quen de facer unha caricatura de Francisco Fernández del Riego. Coloreá.



DA HISTORIA ACADÉMICA

Francisco Fernández del Riego

... Ano tras ano víñase conmemorando en todo o territorio do Estado, cada 23 de abril, a data do pasamento de Cervantes coa denominación de Día do Libro. Ideárase para exaltar en festividade, ao libro escrito no idioma castelán. Parecíame que tendo Galicia unha literatura e unha lingua de seu, sería conveniente que contase cunha festa simbólica semellante. Unha festa cultural consagrada especialmente á rememoranza exaltatoria e difusora das letras na nosa fala. Andei a procurar unha data que, como no caso do castelán, tivese acento significativo na historia literaria de Galicia.

Metidos nesa procura batín co 17 de maio, día no que Rosalía lle dedicou a Fernán Caballero (pseudónimo da escritora Cecilia Böhl de Faber) a súa obra Cantares Gallegos. Quizais fora tamén esta data o da saída da edición. Pareceume que era a tal referencia cronolóxica axeitada para a finalidade prevista. Foi así como me decidín a propor a data devandita para celebrala anualmente coa denominación de Día das Letras Galegas. Coincidía o ano 1963 co centenario da publicación do libro rosaliano.



1. Comprendiches o que liches?

Inventa un novo título para o texto

Para que se creou o Día do Libro?

Por que se elixiu o 17 de maio para celebrar o Día das Letras Galegas?

2. Escribe o significado das seguintes palabras:

exaltar ► _____

rememoranza ► _____

procura ► _____

centenario ► _____

3. Neste texto, Francisco Fernández del Riego fai referencia ao pseudónimo da escritora Cecilia Böhl de Faber. Tamén el escribiu baixo algún pseudónimo como **Salvador Lorenzana**, **Alevín** ou **Cosme Barreiros**.

Explica o que é un pseudónimo. Cal sería o teu pseudónimo?

4. No texto sabemos que Francisco Fernández del Riego pensou no 17 de maio como Día das Letras Galegas por ser o día no que Rosalía de Castro publicou Cantares Gallegos. Descubre, empregando o código, o título e inicio dun dos poemas que aparecen nesa obra.

A	B	C	D	E	F	G	H	I	L	M	N
Ñ	O	P	Q	R	S	T	U	V	X	Z	

,

5. Emprega o código para escribir o nome dalgún autor ou autora a quen se lle teña dedicado o Día das Letras Galegas. Cando remates intercambia a folla con algún compañeiro ou compañeira e descifrade os nomes.

MANUEL MARÍA

XELA ARIAS

EDUARDO PONDAL

CURROS ENRÍQUEZ

MARÍA VICTORIA MORENO

MARÍA MARIÑO

6. Este é o almanaque de maio de 2023...

MAIO	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6	7
	8	9	10	11	12	13	14
	15	16	17	18	19	20	21
	22	23	24	25	26	27	28
	29	30	31				

- Sinala o Día das Letras Galegas.
- Que día da semana é o Día das Letras deste ano? _____
- O 31 deste mes de maio é mércores. Que día será o sábado desa mesma semana? _____
- Lendo o texto sabemos cando é o Día do Libro. Que día da semana foi este ano? _____
- No texto di que ... «coincidía o 1963 co centenario da publicación do libro rosaliano».
 - A que libro se refire? _____
 - Se no 1963 era o centenario; en que ano se publicou? _____
 - Que aniversario da publicación da obra celebramos este ano?

- Xaquín traballa de luns a venres, pero este mes de maio, ademais das fins de semana, tampouco traballará o Día das Letras Galegas, nin o 1º de maio por ser o Día do Traballo.
 - Cantos días traballará Xaquín en maio? _____
 - Cantos días libres terá Xaquín en maio? _____

7. Que lembranzas do texto?

○ Cando se conmemora o Día do Libro?

○ Por que foi escollida esa data para o Día do Libro?

○ Que data pensou Francisco Fernández del Riego que sería axeitada para a celebración do Día das Letras Galegas?

○ Por que pensou nesa data?

○ Que pretende esta festa simbólica e para que se crea?

○ Cal foi o primeiro ano de celebración do Día das Letras Galegas?

○ Cantos anos pasaran dende a publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro?



8. Queres ser un detective das Letras? So tes que utilizar un pouco de lóxica.

Son cinco das persoas ás que foron dedicados algúns dos Días das Letras Galegas. Imos descubrir en que ano foron homenaxeados, unha das súas obras e un dato relevante de cada un deles. Le as pistas e vai marcando ata descubrir os datos finais.

	NOME	DATO SINALADO					OBRA					ANO HOMENAXE				
		Foi a 1ª homenaxeada	Foi artista plástico	Fundou a Ed. Galaxia	A letra do himno é súa	Escribiu poesía intimista	<i>Na brétema</i>	<i>Queixumes dos pinos</i>	<i>O cego de Pumardedón</i>	<i>Verba que comeza</i>	<i>Cantares Gallegos</i>	1994	2007	1963	2023	1965
	Francisco F. del Riego															
	Luis Seoane															
	Rosalía de Castro															
	María Mariño															
	Eduardo Pondal															

OS DATOS

1. A obra *Queixumes dos pinos* non foi escrita por quen destacou nas artes plásticas.

2. Unha muller (Rosalía ou María) escribiu poesía intimista. Foi homenaxeada en 2007 (terceira das últimas homenaxeadas) pero ela non escribiu a obra *Cantares Gallegos*.

3. Luís Seoane escribiu a obra *Na brétema*. Foi homenaxeado en 1994, pero non fundou a Editorial Galaxia.

4. A primeira homenaxeada no Día das Letras Galegas foi Rosalía de Castro, e, por suposto, non en 2023.

5. O poema que dá letra ao himno galego foi escrito por Eduardo Pondal, homenaxeado en 1965; pero el non escribiu a obra *Verba que comeza*.

6. *O cego de Pumardedón* foi escrito pola persoa homenaxeada neste ano 2023 que non destacou nas artes plásticas.

7. *Verba que comeza* é de alguén que escribiu poesía intimista.

9. Cos datos do exercicio anterior completa este cadro.

NOME	DATO SINALADO	OBRA	ANO
F. Fdez. del Riego			
Luís Seoane			
Rosalía de Castro			
María Mariño			
Eduardo Pondal			

10. Esta é a foto de Francisco e seus pais. Fai ti un debuxo da túa familia e anota cinco diferenzas entre a familia de Francisco e a túa.



- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

ADIANTO DA REMEMORANZA

Francisco Fernández del Riego

Veñen agora ao meu espírito, evocadas pola lembranza, sensacións de adolescencia. Figuras de personaxes finados. Cousas que alí ocorrían. Discusións sobre temas que daquela pouco comprendía. Días plácidos, sedantes. Gorentábame palicar na curta rúa da Gracia co forneiro Pascual. Entrar no calexón do bispo Villarroel para me xustificar con Penelas e O Preferente, dous gardas municipais que nel residían. Moitas veces ía de camiño vagacento pola vella rúa principal, parándome en falas cos veciños. Con Ánxel o xastre, tamén carteiro. Na casa de Amiz. Con Abilio o correeiro. Con Arsenio no seu obradoiro de mecánico. A rúa, estreita, laxeada, formábana dúas liñas de casas vedrañas de pouca altura.

Lourenzá como outras vilas pequenas, tiña esta rúa principal. Aínda que despois ocupou a principalía unha nova avenida. Tiña tamén a igrexa monástica. Un río nos arredores. Ademais, estaban as escolas, o variado comercio, os salóns de baile, as tabernas, o convento. Había asemade tipos pintorescos como en tantas vilas semellantes.

De todos os xeitos parecíame ás veces que Vilanova levaba consigo o aburrimiento, a monotonía dos días iguais, grises, que se me facían eternos.



1. Que tipo de texto é «Adianto da memoranza»? Por que o sabes? Arrodea a resposta verdadeira e explica a túa resposta.

NARRATIVA POESÍA TEATRO



2. Neste texto Fernández del Riego evoca e describe a súa vila natal. Agora tócalos a vós describir a vosa vila natal e facer un debuxo característico da vosa zona.



3. No texto fálase de Vilanova de Lourenzá. Agora busca na sopa de letras outros cinco lugares que pertencen á súa mesma provincia.

**FRIOL MONDOÑEDO ABADÍN RIBADEO BURELA
LUGO FOZ VIVEIRO**



M	Z	V	C	N	G	L	B	X	Z	O	Ñ	D
L	O	M	X	D	H	U	V	Ñ	P	F	H	A
M	F	N	Z	L	C	G	F	R	I	O	L	B
H	X	Ñ	D	F	S	O	N	I	T	B	D	A
B	Z	V	N	O	C	M	L	B	L	U	P	D
N	F	C	S	Z	Ñ	V	X	A	G	R	F	I
M	L	G	H	Z	B	E	Q	D	X	E	U	N
B	M	H	C	F	X	N	D	E	O	L	Z	G
Z	C	V	I	V	E	I	R	O	H	A	I	X

4. Escribe sinónimos para as seguintes palabras extraídas do texto.

TABERNA ► _____

REMEMORANZA ► _____

SEMELLANTE ► _____

PALICAR ► _____

5. O texto remata «...días iguais, grises, que se facían eternos.»
Con que emoción identifica o narrador a cor gris? Co enfado, co aburri-
mento, coa ledicia?

Reescribe a frase empregando a cor que ti elixas.

● ... días _____, _____ que _____ .

6. Un dos tantos produtos de calidade que podemos atopar en Vilanova de Lourenzá á a **faba**. Nomea agora catro produtos típicos galegos, escolle un deles e escribe unha receita.

OS CATRO PRODUTOS TÍPICOS GALEGOS

A RECEITA

7. Le o texto e une cada nome coa súa profesión e cunha ferramenta de traballo

- | | | |
|------------------|----------------------|------------------|
| Pascual ○ | ○ xastre ○ | ○ subela |
| Penelas ○ | ○ correeiro ○ | ○ pistola |
| Ánxel ○ | ○ forneiro ○ | ○ chave |
| Abilio ○ | ○ mecánico ○ | ○ artesa |
| Arsenio ○ | ○ garda ○ | ○ agulla |

8. Une cada nome co seu significado e sitúao no debuxo.

CHEMINEA

TELLADO

BUFARDA

PEITORIL

**XANELA,
FIESTRA ou
VENTÁ**


Cuberta superior dunha casa formada por unha estrutura de traves en pendente, recuberta con tellas ou con outro material.

Abertura feita nunha parede para deixar pasar a luz e o aire.


Conduto por onde sae o fume das cociñas, dos fornos, das máquinas, etc., ao exterior.

Repisa que forma o oco dunha ventá na parte inferior.

Pequena abertura na parede ou no teito dunha casa para dar luz, para ventilar ou para saír ao tellado.



9. Pon en orden estas etapas da vida.



1 ► _____

2 ► _____

3 ► _____

4 ► _____

10. Que época da súa vida lembra o narrador no texto?
